



Toman posesión os directores xerais que xestionarán as grandes obras públicas e o impulso á vivenda protexida

A DIRECCIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS ASUME AS OBRAS DE ESTRADAS E AS QUE VIÑAN DESENVOLVENDO OS DEPARTAMENTOS DE URBANISMO E TRANSPORTES

- ***Crearase unha Unidade de Inspección que velará pola correcta execución das obras, en prazo e presuposto***
- ***A enxeñeira Isabel Vila, primeira muller que coordinará as infraestruturas estratéxicas de Galicia***
- ***Antonio José Boné Piña, arquitecto cunha experiencia de máis de 24 anos na xestión de vivendas de promoción pública***

Santiago, 2 de maio de 2009.- O conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, afirmou que o desenvolvemento do Plan de Infraestruturas de Galicia e o impulso da vivenda protexida serán dous dos retos prioritarios do seu departamento. Hoxe tomaron posesión os dous altos cargos que terán a responsabilidade de desenvolver as políticas relacionadas con ambos sectores: a enxeñeira Isabel Vila, como nova directora xeral de Infraestruturas, e o arquitecto Antonio José Boné, novo director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Hernández destacou o feito de que por primeira vez en Galicia, a Dirección Xeral das Infraestruturas será xestionada por unha muller. Isabel Vila será a encargada de coordinar as grandes obras públicas que se desenvolverán na nosa comunidade nos vindeiros anos, e terá tamén a misión de facer o seguimento dos prazos do AVE co obxectivo de garantir que dende o Ministerio de Fomento se cumpran os compromisos adquiridos con todos os galegos.

Como novidade, o conselleiro anunciou que a Dirección Xeral de Infraestruturas incorporará a xestión das obras que actualmente desenvolven Urbanismo e Transportes, de forma que se optimizará o funcionamento de ambas direccións xerais, que se centrarán nos seus respectivos ámbitos competenciais, profesionalizando e especializando o control das infraestruturas.

Agustín Hernández anunciou tamén a creación dunha Unidade de Inspección, que velará pola calidade, o cumprimento dos prezos e dos prazos das obras que desenvolva a consellería. “Todas as licitacións, contratacións,



expropiacións, modificacións de crédito, recepcións de obras e liquidacións pasarán por unha unidade técnica de inspección que controlará a correcta xestión dos recursos públicos”, anunciou o conselleiro.

VIVENDA E SOLO

A nova estrutura orgánica da Consellería recupera o Instituto Galego de Vivenda e Solo como organismo autónomo encargado de xestionar a política de vivenda da Xunta de Galicia. Á súa fronte sitúase dende hoxe Antonio José Boné Piña, arquitecto cunha experiencia de máis de 24 anos na xestión de vivendas de promoción pública, especialmente na provincia de Lugo.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE MEDIO
AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS